

SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A RIBADEO

DATA: Sábado 27 de maio

DÍA DE INSCRIPCIÓN: 19 de maio

DESTINATARIOS: 54 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

DESCRIPCIÓN:

8:00 - 9:00 horas	Recollida das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo
9:00 – 11:00 horas	Traslado dende Bergondo ata a Praia das Catedrais con para de técnica no camiño.
11:00 - 12:30 horas	<p>Visita e paseo pola Praia das Catedrais</p>  <p>As poderosas augas do Cantábrico labraron, ao paso dos séculos, o que hoxe se antolla como capricho da natureza. Con formas imposibles, as rocas da Praia das Catedrais sorprenden porque se asemellan máis a un decorado, minuciosamente trazado, que a unha sucesión de grutas, pasadizos e arcos, converténdose nunha das praias máis bonitas do mundo.</p> <p>Se queremos visitar a Praia das Catedrais é imprescindible acudir en marea baixa, cando o mar en retirada dá o seu permiso momentáneo para iniciar o seu percorrido. O día 27 de maio de maio a preamar está prevista para as 12:08 horas.</p> <p>Para ver as formacións rochosas máis espectaculares, debemos camiñar uns 600 metros á dereita unha vez baixamos as escaleiras de acceso, penetrándonos así nunha máxica paisaxe de grandes illotes, covas, furnas e bufaderos produto da erosión mariña ao longo do tempo.</p>
12:30 - 12:45 horas	Traslado dende a Praia das Catedrais ata Rinlo.
12: 45 - 13:45 horas	<p>Visita ao pobo mariñeiro de Rinlo.</p>  <p>Rinlo é un porto de orixe medieval creado nun dos poucos entrantes propicios para iso desta costa cantábrica: a enseada da Areosa. Trátase dun porto tradicional de xente mariñeira. Mostra disto é a súa confraría de pescadores, unha das máis antigas de España.</p>

	Rinlo presenta un conxunto de casas mariñeiras dispostas ao carón de estreitas rúas que as protexen dos fortes ventos. As hortas que as rodean delatan a condición de mariñeiros e campesiños dos seus habitantes. A casa mariñeira de Rinlo posúe unhas características singulares: abeiradas nos cantís, encostadas e con cubertas a dúas augas. A súa superficie e altura denotan a riqueza da familia propietaria. As de maior altura contaban cun lugar para almacenar as artes de pesca, mentres que outras dispoñían para isto dunha dependencia exterior anexa á vivenda.
13:45 - 14:00 horas	Traslado de Rinlo ao restaurante.
14:00 - 16:00 horas	Comida no Mesón La Yenka <ul style="list-style-type: none"> - Fabas con almejas. - Costela de porco asada. - Torta de queixo. - Pan, viño da casa, refrescos e cafés
16:00 - 16:30 horas	Traslado do restaurante a Ribadeo
16: 30 – 18:00 horas	Visita guiada ao Casco histórico de Ribadeo <div style="text-align: center;">  </div> <p>As rúas do casco histórico, concentran gran parte dos edificios arquitectónicos que propiciaron a declaración deste espazo, en 2004, como Ben de Interese Cultural, coa categoría de conxunto histórico.</p> <p>Nas súas fermosas rúas concéntranse unha mestura de conxuntos arquitectónicos entre os que se atopan casas populares de artesáns e mariñeiros xunto con outros edificios de maior rango que testemuñan o pasado florecente da vila (casas de indianos, casas de banca, vivendas de familias de armadores, etc.)</p> <p>Entre os edificios e espazos máis singulares hai que mencionar a Aduana vella (XVIII), o castelo de San Damián (XVIII), o Cargadoiro (XX) e a praza do Campo ou España, centro neurálxico da vila, arredor da cal se alzan o elegante pazo neoclásico de Ibáñez, a cosmopolita Torre dos Moreno, o sobrio Convento de Santa Clara e a Igrexa Parroquial de Santa María del Campo cuxa orixe se remonta a un antigo convento franciscano do S. XIII.</p> <p>Un dos currunchos máis singulares do casco antigo é o constituído no eixe definido polas rúas Vilafranca do Bierzo, San Roque e Clemente Martínez, ao longo do cal se aliñan importantes residencias burguesas de influencia indiana que datan de finais do século XIX e comezos do XX.</p>
18:00 - 19:30 horas	Tempo libre en Ribadeo.
19:30 – 21:00 horas	Ruta cara Bergondo
21:00 - 22:00 horas	Reparto das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo